

# CARREIRA POPULAR FESTAS DE A MILAGROSA 2013

## REGULAMENTO

A proba deportiva denominada “Carreira Popular Festas de A Milagrosa 2013”, disputarase polo **barrio de A Milagrosa**, o próximo **31 de Agosto**, comezando a **primeira das carreiras ás 17:00 horas**.

A organización da proba corre a cargo da Asociación de Veciños de A Milagrosa, contando coa dirección deportiva da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno.

Patrocinadores: Vicepresidencia 1ª da Deputación de Lugo, Concellería de Deportes do Concello de Lugo, Leyma Natura (Leche Río) e Coca Cola.

As persoas que se inscriban nestas competicións do día 31 de Agosto no barrio de A Milagrosa, aceptan as presentes normas de competición.

Tódalas persoas que se inscriban na proba declaran estar aptos fisicamente para participar nela.

### **Carreiras e categorías.**

Haberá catro carreiras diferentes e seis categorías:

- a. Categoría: Unha.** Para nenos e nenas de 0 a 6 anos (inclusive). 200 m. De distancia. Saída e chegada na praza Agro do Rolo (A Milagrosa). Hora de comezo: ás 17:00 horas.
- b. Categoría: Dúas.** Para nenos e nenas de 7 a 10 anos (nados nos anos 2003,2004,2005 e 2006). Distancia: 500 m. Hora comezo: 17:15 horas.
- c. Categoría: Tres.** Carreira para rapazas e rapaces de 11 a 15 anos (nados nos anos 2002, 2001, 2000, 1999 e 1998). Distancia: 1.900 m.. Saída ás 17:30 horas. Percorrido: Dende o inicio da Rúa Mallorca (esquina Av. Coruña) e rematando na praza Agro do Rolo (á altura do número 16).
- d. Categoría Absoluta (M. e F.).** Distancia: 5.700 m. Percorrido: Saída da Rúa Mallorca, pasando pola praza de A Milagrosa, Rúa das Fontes, Camiño de Pipín, Mar Cantábrico, Camiño Real, Rúa do Prado, Rúa Navia, R. Ser, Camiño Real, Pintor Villamil, Yáñez Rebolo, Praza de A Milagrosa (3 voltas) e rematando na praza Agro do Rolo, á altura do nº 16. O comezo desta proba é ás 18:00 horas.  
Nesta categoría haberá 3 clasificacións por sexo:  
**Categoría: Catro.** Os nados nos anos 1997,1996 e 1995.  
**Categoría. Cinco.** Os nados entre os anos 1994 e 1975.



**Categoría: Seis.** Os nados no ano 1974 e anteriores.

**Trofeos e agasallos.**

Tódolos participantes na proba popular recibirán un agasallo e recordo da proba. Os/as tres primeiros/as de cada categoría (das seis que hai, M e F) recibirán un trofeo.

**Servizo sanitario.**

Na proba haberá servizo de ambulancia e médico/a.

**Avituallamento.**

Haberá auga e bebidas isotónicas ó final da proba para os participantes.

**Forma de inscrición:**

No correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) , *no* fax 982.109.800, no teléfono 982 25 13 45 ou na oficina da FEGATRI (Rúa Castelao 21, Ent.2, Lugo), de 9:00 a 15:00 horas (ata o día 28 ás 15:00 horas). Datos que se solicitan: nome, apelidos e data de nacemento.

**Recollida de dorsais:**

O día 31, de 15:00 ás 16:30 horas na Praza Agro do Rolo (á altura do nº16) e tamén se entregarán no local da Rúa Castelao 21, Ent. 2 (Lugo) o día 30 de Agosto de 9:00 a 15:00 horas.

